



**Resolución do 8 de abril de 2021 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia como profesor especialista nas ensinanzas do módulo profesional de “conducción de grupos a cabalo e coidados equinos básicos” do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en conducción de actividades físico-deportivas no medio natural (591705). (código de procedemento ED003A).**

Por unha Resolución do 3 de febreiro de 2021, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, convocouse un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia como profesor especialista nas ensinanzas do módulo profesional de “conducción de grupos a cabalo e coidados equinos básicos” do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en conducción de actividades físico-deportivas no medio natural (591705) (código de procedemento ED003A).

Por unha resolución do 23 de febreiro de 2021 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, aprobouse a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia como profesor especialista nas ensinanzas do módulo profesional de “conducción de grupos a cabalo e coidados equinos básicos” do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en conducción de actividades físico-deportivas no medio natural (591705) (código de procedemento ED003A).

Logo de rematado o prazo para formular reclamacións contra as citadas relacións provisionais e revisadas as reclamacións que formularon as persoas interesadas, procede aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo no citado procedemento, e facelas públicas no portal da Internet desta consellería, de acordo co disposto na base sétima da convocatoria.

En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia como profesor especialista nas ensinanzas do módulo profesional de “conducción de grupos a cabalo e





coidados equinos básicos” do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en condución de actividades físico-deportivas no medio natural (591705).

Segundo. Ordenar a publicación no portal da Internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal) da relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e do baremo definitivo (<https://www.edu.xunta.es/substitutoslistas>) indicado no apartado anterior.

Terceiro. Contra esta resolución, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no citado portal, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, ante o xulgado do contencioso-administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

